

XORNADA

# OS NOVOS VECIÑOS

Sensibilización nas comunidades educativas sobre a realidade das migracións forzosas



**Dirixido ós estudantes das titulacións:**

- ✿ Grao en Terapia Ocupacional
- ✿ Grao en Educación Infantil
- ✿ Grao en Educación Primaria
- ✿ Grao en Educación social
- ✿ Mestrados da Facultades de Educación e de Ciencias da Saúde.

## SENSIBILIZACIÓN EN MIGRACIÓN

**XOVES, 5 DE OUTUBRO**

**Horario:** De 10:00 a 14:00.

**Lugar:** Facultade de Educación. Aula 0/2 (Planta 0)

Campus de Elviña.

Prazas Disponibles: 25.

Evento gratuito, con inscrición previa: [LINK FORMULARIO](#)

**Certificado de aproveitamento e asistencia**

**Máis info:** [tpousada@udc.es](mailto:tpousada@udc.es) / 981 167000 Ext. 5967

**Iniciativa de Educación para o Desenvolvemento, Sensibilización e Participación Social**

**Colabora:**

Oficina de Voluntariado e Cooperación.

Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación. Universidade da Coruña



Oficina de Cooperación  
e Voluntariado



Vicerreitoría de Internacionalización  
e Cooperación  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Organización:**

**Thais Pousada  
Laura Nieto  
Betania Groba**

*Profesoras da Facultade  
Ciencias da Saúde*

**Jessica Garabal**  
*Doutoranda do programa  
Desenvolvemento Psicológico,  
Aprendizaxe e Saúde*

**ONG Mestura**



[www.ongmestura.es](http://www.ongmestura.es)

## Obxectivos:



- ✿ Contribuír á **mellora da convivencia intercultural**, favorecendo procesos de **respeito pola diferenza** e promovendo **actitudes de empatía** no ámbito da inmigración nos contextos escolares.

- ✿ **Sensibilizar ás comunidades escolares** da área metropolitana da Coruña sobre a realidade das migracións forzosas.

## Resultados:

- ✿ **Traballo colaborativo e multidisciplinar** entre estudantes de Educación e Ciencias da Saúde nun proceso de sensibilización transversal.



- ✿ **Elaboración dunha guía de recursos didácticos** sobre as migracións forzosas a partir das propostas elaboradas polos estudantes participantes na xornada.

- ✿ Impresión, **distribución e difusión da guía** de recursos didácticos sobre as migracións forzosas nos centros educativos e bibliotecas públicas da área metropolitana da Coruña.

## Contidos:



**Os mestres e terapeutas ocupacionais teñen un papel relevante como axentes mediadores e facilitadores de procesos pedagóxicos de transformación social.**

A xornada ten una **metodoloxía teórico-práctica e de traballo participativo**, por parte dos asistentes:

### 1ª Sesión (10.00 - 12:00): Boas prácticas en educación para o desenvolvemento:

*Experiencia da ONG Mestura*

- ✿ As migracións forzosas
- ✿ A historia dos “Nov@s Veciñ@s”.
- ✿ Recursos didácticos en educación para o desenvolvemento.

### 2ª Sesión (12:15–14:15): Obradoiro Práctico:

*Guía didáctica para a sensibilización*

- ✿ Analizando a situación social e cultural das migracións forzosas
- ✿ Valorando recursos da comunidade para a educación
- ✿ Creando unidades didácticas para a inclusión dos nov@s veciñ@s.

A sesión completárase cun traballo autónomo e colaborativo dos asistentes que será entregado 2 semanas posteriores á xornada.

## As migracións e ONGMestura:

As migracións convertéronse nun asunto de especial relevancia nos últimos tempos.



Cando se produce un movemento de poboación fora do lugar de orixe ou de residencia habitual, temporal ou permanentemente, a gran escala e de carácter involuntario, atopámonos ante o fenómeno das **migracións forzosas**.

España e en concreto Galicia son actuais receptores de inmigrantes, o que xera **contextos multiculturais enriquecedores**, e relacións de integración complexas.

A inmigración é unha característica da nosa sociedade actual, sendo **necesario promover procesos de concienciación e sensibilización sobre esta realidade** á fin de mellorar a cohesión social e a convivencia intercultural.

**Mestura** é unha ONGD, galega, independente, aconfesional e sen ánimo de lucro integrada na Coordinadora Galega de ONGD. A organización aposta pola integridade e os dereitos de todas as persoas, traballando en 3 áreas:

- ✿ Inclusión sociolaboral,
- ✿ Sensibilización e mediación intercultural
- ✿ Fomento da igualdade de xénero.

A entidade conta cunha ampla experiencia en proxectos de educación para o desenvolvemento e integración educativa, sendo o vehículo director e conductor na realización desta xornada.